



Concello de Lugo
Concellería de Cultura
e Turismo



PREMIO

DESEÑO

GRÁFICO

SAN

FROILÁN

2010



O Excmo. Concello de Lugo, co fin de elixir o cartel anunciador das festas patronais de SAN FROILÁN 2010, convoca o **PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2010"**, de acordo coas seguintes

BASES:

1/ Poderán concorrer cantos autores o desexen, con traballos de técnica libre, presentando cada un cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais. Este ano 2010, no que se celebra o décimo aniversario da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade, o motivo xirará arredor deste monumento.

2/ Os deseños contribuirán a enxalzar a cidade de Lugo e as súas festas patronais de San Froilán. Deberán incluír o texto: **LUGO, SAN FROILÁN 2010, 4-12 DE OUTUBRO, EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, así como a imaxe corporativa do Concello, distribuído da maneira que elixa cada autor. Será requisito indispensable que figure o texto: Festa de Interese Turístico Galego. Fiesta de Interés Turístico Nacional.

3/ O autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 2.000,00 €. Este premio estará suxeito a unha retención do 19 % de acordo coa Lei 26/2009, do 23 de decembro, do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

4/ O cartel seleccionado quedará en poder do Excmo. Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. Os autores renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílo no seu curriculum.

5/ A entrega de orixinais, por correo ou persoalmente na Sección de Cultura do Concello de Lugo, poderase efectuar entre o mércores 28 de abril e o venres 28 de maio, ata as 14:30 horas.

6/ Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima, con lema, acompañando un sobre co mesmo lema no exterior, e dentro os datos do participante, tales como nome, apelidos, enderezo, correo electrónico e teléfono.

7/ Os carteis terán as dimensións de 50x70 cm e deberán entregarse montados sobre bastidor, cartón pluma ou soporte ríxido. Non se admitirán os presentados con cristal.

8/ Os carteis deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminal que poida inducir ó consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente.

9/ O xurado estará formado por persoas cualificadas na materia.

10/ O xurado resérvase a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos carteis ten méritos suficientes.

11/ As obras non premiadas devolveranse ós autores nun prazo dun mes con posterioridade ó coñecemento do ditame do xurado. Os orixinais que non fosen reclamados serán destruídos sen que sexa admisible recurso ningún sobre esta resolución.

12/ Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases, e o gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto, para o cal será convocado oportunamente.

13/ Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.

14/ O simple feito da presentación ó concurso supón a plena aceptación destas bases.

El Excmo. Ayuntamiento de Lugo, con el fin de elegir el cartel anunciador de las fiestas patronales de SAN FROILÁN 2010, convoca el **PREMIO DE DISEÑO GRÁFICO "SAN FROILÁN 2010"**, de acuerdo con las siguientes

BASES:

1/ Podrán concurrir cuantos autores lo deseen, con trabajos de técnica libre, presentando cada uno cuantas obras considere oportunas, siendo condición indispensable que las obras sean originales. Este año 2010, en que se celebra el décimo aniversario de la Muralla de Lugo como Patrimonio de la Humanidad, el motivo girará en torno a este monumento.

2/ Los diseños contribuirán a exaltar la ciudad de Lugo y sus fiestas patronales de San Froilán. Deberán incluir el texto: **LUGO, SAN FROILÁN 2010 4-12 DE OCTUBRE, EXCMO. AYUNTAMIENTO DE LUGO**, así como la imagen corporativa del Ayuntamiento, distribuido del modo que elija cada autor. Será requisito indispensable que figure el texto: Festa de Interese Turístico Galego. Fiesta de Interés Turístico Nacional.

3/ El autor del diseño que resulte ganador recibirá un premio dotado con 2.000,00 €. Este premio estará sujeto a una retención del 19 % de acuerdo con la Ley 26/2009 del 23 de diciembre del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas.

4/ El cartel seleccionado quedará en poder del Excmo. Ayuntamiento de Lugo, que podrá reproducirlo en tiempo y forma que estime oportunos.

El cartel ganador será propiedad del Ayuntamiento, que podrá cederlo a terceros. Los autores renuncian a todos los derechos de explotación, únicamente conservarán los derechos de autor para incluirlo en su curriculum.

5/ La entrega de originales, por correo o personalmente en la Sección de Cultura del Ayuntamiento de Lugo, se podrá efectuar entre el miércoles 28 de abril y el viernes 28 de mayo, hasta las 14.30 horas.

6/ Los trabajos deberán ser presentados de manera anónima, con lema, acompañando

un sobre con el mismo lema en el exterior, y dentro los datos del participante, tales como nombre, apellidos, dirección, correo electrónico y teléfono.

7/ Los carteles tendrán las dimensiones de 50x70 cm y deberán entregarse montados sobre bastidor, cartón pluma o soporte rígido. No se admitirán los presentados con cristal.

8/ Los carteles deberán evitar cualquier tipo de propaganda subliminal que pueda inducir al consumo de alcohol o cualquier otro tipo de drogas, según la legislación vigente.

9/ El jurado estará formado por personas cualificadas en la materia.

10/ El jurado se reserva la facultad de declarar desierto el premio en caso de que estimase que ninguno de los carteles tiene méritos suficientes.

11/ Las obras no premiadas se devolverán a los autores en el plazo de un mes con posterioridad al conocimiento del dictamen del jurado. Los originales que no fuesen reclamados serán destruídos sin que sea admisible recurso alguno sobre esta resolución.

12/ Los participantes se someterán a la decisión del jurado, que resolverá sobre cualquier duda no prevista en las presentes bases, y el ganador del certamen se compromete a recoger personalmente el premio o hacerse representar debidamente en el acto, para lo cual será convocado oportunamente.

13/ Los participantes se responsabilizan totalmente de que no existen derechos de terceros en las obras presentadas, y renuncian a toda reclamación por derechos de imagen.

14/ El simple hecho de la presentación al concurso supone la plena aceptación de estas bases.